

Homenaxe á Rosalía que rompeu moldes no aniversario do seu nacemento

Por Redacción & Diego Torrado
ás 17:14 do Domingo 24 de Febreiro, 2019

A Rosalía de Castro que rompeu moldes por dedicarse ás letras nun tempo en que non estaba ben visto que as mulleres escribisen. A escritora que optou polo galego cando vivía os seus séculos máis escuros. A que cultivou unha temática afastada de tópicos e reduccionismos, na que está presente tanto a dimensión persoal como sobre todo a colectiva. A Rosalía feminista e revolucionaria. Todas elas recibiron este domingo unha **sentida e reivindicativa homenaxe no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra con motivo do Día de Rosalía.**



Día de Rosalía 2019 no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra
© Diego Torrado

A homenaxe, celebrada, como cada 24 de febreiro, aniversario do nacemento da escritora, é froito dunha colaboración entre o Concello de Pontevedra, a **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)** e a Deputación de Pontevedra.

O obxectivo do acto é conmemorar a vida e a obra dunha escritora extraordinaria e **homenaxear a unha escritora que logrou que a galega sexa a única literatura contemporánea do mundo fundada a partir da obra dunha muller.**

Durante o acto, a escritora Eva Mejuto, autora das novelas *22 segundos* e *Memoria do silencio*, foi a encargada de ler o **manifesto redactado pola poeta e xornalista Ana Romaní** para a AELG, no que fixo un percorrido pola obra rosaliana, pola súa dimensión crítica, combativa e reivindicativa, a súa defensa do país e das clases populares, a denuncia das inxustizas sociais e das discriminacións que sofren as mulleres.

Citas de versos que fixeron referencia ao espolio, ás violacións, aos desafuzamentos, ao abuso laboral e aos éxodos centraron o discurso dun acto no que **actuaron a cantautora Ugia Pedreira e o grupo musical A Banda da Loba.**

Ugia Pedreira estreou unha **performance orixinal titulada 'Rosalía, o ramallo da Pedreira'** a partir de textos rosalianos, unha creación escénica específica sobre o inicio do libro *Follas Novas* de Rosalía de Castro.

As cinco integrantes de A Banda da Loba fixeron gala do seu estilo ecléctico e heteroxéneo, que bebe do rock, do pop e do folk, e interpretaron un **repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizacións de poetas célebres** ou outros textos tomados dos poemarios de escritoras contemporáneas como Rosalía Fernández Rial ou Celia Parra.



Celebración do Día de Rosalía 2019

O Sexto Edificio do Museo de Pontevedra acolleu a celebración do Día de Rosalía, un acto co que se conmemorou a vida e a obra dunha escritora extraordinaria que logrou que a galega sexa a única literatura contemporánea do mundo fundada a partir da obra dunha muller

© Diego Torrado